

Estimadas familias:

Temos xa próximas as vacacións de Nadal, pero antes o Equipo Directivo e Claustro de Profesores, queremos facerlles chegar a todos a nosa máis cordial felicitación xunto cun gran desexo de paz e amor para todos.

Por este motivo, queremos invitarvos a unha gran festa:

Data: Xoves 21 de decembro

- **17 h: Mercadillo Solidario**, con produtos elaborados artesanalmente, alimentos e doces diversos, e obxectos variados.

Os **beneficios** irán destinados aos **proxectos misioneiros do colexio: tres becas de estudo** de nenos que temos apadriñados **en Guinea Ecuatorial e Madagascar**.

- **18 h: Eucaristía de Nadal**, preparada polos alumnos e claustro do colexio. **É a festa de toda a Comunidade Educativa**, polo tanto facemos unha invitación a todos. **Ao rematar a celebración, cantarase unha panxoliña na Igrexa, preparada por Brais e algúns nais e pais do colexio.**

- **19 h: Reapertura do mercadillo solidario**, convivencia fraterna e **chocolatada a cargo da ANPA e COLEXIO.**

Animádevos a participar e colaborar con este proxecto misioneiro!!!

- ✓ As **vacacións** daranse o **mesmo xoves, día 21** nos **horarios habituais de saída** para as diferentes etapas.
- ✓ Os diferentes titores entregarán os boletíns coas calificacións aos alumnos o mércores **20**, e deben vir asinados o xoves.
- ✓ As **clases reanudaranse o luns día 8 de xaneiro do 2018.**

Bo Nadal e Feliz aninovo

O Equipo Directivo e Claustro de Profesores

